

RESUMO REUNIÓN COORDINADORES/AS PROTOCOLO FISICOID-DXT GALEGO DA FGBm (12-01-2021)

A raíz da delicada situación sanitaria que estamos a vivir relacionada coa Covid 19, no día de onte, realizouse unha reunión entre os/as coordinadores/as de protocolo para analizar as principais novidades na actualización dos procedementos de comunicación das diferentes incidencias e do propio protocolo da FGBm. O resumo dos temas tratados é o seguinte:

- **SITUACIÓN ACTUAL E PREVISIÓN PRÓXIMOS DÍAS:** O coordinador de protocolo da FGBm comentou que a situación sanitaria está a empeorar notablemente e que todo parece indicar que nos vindeiros días a incidencia da Covid 19 alcanzará cifras moito máis alarmantes, será importante manter a calma pero debemos ser moi cautos/as e aplicar os protocolos con máis rigurosidade ca nunca.

- **REOMENDACIÓNS URGENTES:**
 - **MENSAXE CLARO A DEPORTISTAS:** Agora volve ser o momento de sentarse o tempo necesario con todos os/as deportistas e matizar as medidas de seguridade, e sobre todo deixar claro que o comportamento que manteñan fóra da actividade influirá directamente no grupo de balonmán, podendo provocar contaxios e corentenas inesperadas a xente que de verdade cumpre ao máximo coas indicacións sanitarias, é o momento de amosarse máis responsables ca nunca. Se algún club precisa do apoio da FGBm para explicar a deportistas ou pais/nais estes aspectos, non ten máis que solícialo.

 - **DIÁLOGO ENTRE CLUBS:** Rógase os coordinadores/as de protocolo dos clubs que se vaian enfrontar a fin de semana, falen previamente para matizar as restricións municipais do club locatario e así evitar malos entendidos e problemas de última hora.

- **EQUIPOS NACIONAIS:** Todas as fins de semana estamos a ver fotos en grupo nas redes sociais de clubs, xogadores/as e adestradores/as despois dos encontros celebrando vitorias que ademais de supor un gran risco dentro da situación sanitaria que nos atopamos, fomentan unha mala imaxe do noso deporte e poden ferir sensibilidades e levar a restricións máis duras; realizouse un gran esforzo para que as competicións se reactivasen, tanto nacionais coma

autonómicas, tan só debemos romper a distancia de seguridade e non facer uso da máscara nos momentos nos que o protocolo o permita (xogadores/as que están en pista durante o xogo en categoría nacional), non debemos facer fotos (e moito menos publicalas) con xogadores/as xuntos/as berrando, sen camiseta e moito menos inxerindo bebidas alcohólicas nunha instalación deportiva, o que para alguén pode ser un motivo de ledicia para moitos/as é unha falta de respecto e un desafío a unha pandemia coa que non debemos xogar. Por favor, falemos con xogadores/as pero isto non pode ocorrer.

- **ACTUALIZACIÓN DE PROTOCOLOS E PROCEDEMENTOS:**

No apartado covid da páxina web da FGBm xa figura o protocolo actualizado e os procedementos de comunicación de incidencias, todos/as os/as coordinadores/as deben repasalo e prestar atención ás novas actualizacións relacionadas con:

- Rexistro de asistencia aos encontros e adestramentos onde este permitido o aforo.
- Ventilación de instalacións antes, durante e despois da actividade: pista, vestiarios, salas de reunións, etc...
- Uso de vestiarios: evitar o seu uso na medida do posible e de facelo seguir as medidas de ventilación e desinfección que se indican no protocolo, ademais de evitar berrar, cantar, etc..., e por suposto facer uso da máscara en todo momento agás baixo a ducha (establecer tempo máximo).
- Revisar o manual de comunicación de incidencias: enviar modelo de notificación a info@fgbalonman.com e ter preparada a excel de positivos para cando a FGBm a demande.
- Neste caso os clubs deben enviar a excel de positivos actualizada (sen os casos xa comunicados) antes do xoves 14 de xaneiro de 2021.

- **ASPECTOS IMPORTANTES E DÚBIDAS PLANTEXADAS NA REUNIÓN:**

- No caso de actividades multitudinarias: competicións por concentración, etc...; debemos realizar un protocolo específico para dita actividade e debe recibir a aprobación de Sanidade para a súa celebración. A Federación Galega de Balonmán debe estar ao tanto de calquera actividade que se realice dentro do ámbito federado en Galicia.
- Os coordinadores/as decidiron non modificar nada no que respecta ao descanso de 2 minutos que se realiza en cada un dos períodos durante os encontros, iso si

pediron que aclaremos dous aspectos importantes: como se debe actuar durante eses dous minutos e as competencias do colectivo arbitral e dos/as coordinadores de protocolo ante o incumprimento das medidas establecidas. A FGBm enviará hoxe mesmo estas aclaracións.

- Varios/as asistentes incidiron na importancia de aplicar o sentido común e de sumar todos/as máis ca nunca. Os problemas que se están a dar son fóra do 40x20, non debe haber xente fumando nas entradas do pavillón, falando por teléfono sen máscara e tampouco se debe dar o caso de que os xogadores/as teñan que sacar a máscara durante o descanso, de ser así ese xogador/a terá que dosificarse durante o encontro para evitar esta necesidade.

- **PERSONALIZACIÓN MÁSCARA OFICIAL FGBm:**

A FGBm e Amura Sport dan a opción de personalizar a máscara oficial, pero é importante que teñamos en conta os seguintes aspectos:

- ✓ Os pedidos personalizados non se poder realizar a través da tenda online, deberán realizarse a través de mail (amura@amuranet.com).
- ✓ O club que quera personalizar a máscara debe aportar o logotipo ou logotipos do club en boa calidade e vectorizados.
- ✓ Por favor, na medida do posible debemos realizar un pedido mínimo (20-25 máscaras) para personalizar as máscaras, as unidades soltas suporían unha maior complexidade e investimento no proceso de produción.
- ✓ Pedimos que na medida do posible non se rompa o deseño das máscaras, é dicir, que se personalice o lado onde non figura o logotipo da FGBm, de ser preciso facer uso de ambos lados a FGBm non porá inconvincente pero por favor, tratemos de mantelo, se non o deseño da máscara cambiaría notablemente, os tempos e custes de produción aumentarían e a imaxe tamén se vería debilitada.

Por favor, rogamos que se extremen as precaucións ante o virus e que vos poñades en contacto coa FGBm ante calquera dúbida.

En Vigo a 13 de Xaneiro de 2021